

Obradoiros de
emprego en catro
mancomunidades

Páxina II



Novo obradoiro
Salvaterra
Emprega IV

Páxina VII



Tui solicita
declaración de
memoria
democrática

Páxina IX



Rui Teixeira,
novo presidente
da AECT
Rio Minho

Páxina X



Presentado o
Inventario do
Xeodestino Ría
de Vigo e Baixo
Miño

Páxina XI



A artista
palestina Raida
Adon estará na
Bienal de Arte

Páxina XIII



Os presidentes do Principado e da Xunta nos actos do Día de Galicia en Asturias

Páxina IV

ViaGalicia consolídase
como unha das
principais aceleradoras
de España

Páxina XVI



MESÓN DO MANOLO

Menú diario 12 euros
Fin de semana 16 euros

Hilario Serodio Grande
(xerente)

Carta: Cordeiro, ameixas, anguías,
cocido galego (xoves e domingos)

988 22 14 58 . Rúa Greco, 21 . O Couto . Ourense

OURENSE

II BTT Allariz o 29 de setembro



Allariz celebra a II BTT Allariz, un deporte que promete emocións fortes e paisaxes espectaculares na comarca. A cita é o 29 de setembro e terá lugar no Complexo Vilanova, na piscina municipal, e ofrecerá dous percorridos para adaptarse a todos os niveis de experiencia e preparación física.

As persoas participantes poderán escoller entre dúas opcións de percorrido: Percorrido longo de 45 kms cun desnivel acumulado de 1450 metros, este traxecto está deseñado para quen teña maior experiencia. A saída será ás 9:00 horas dende o Campo Vilanova. Percorrido curto de 23 kms ideal para todos os públicos; este percorrido máis accesible comezará ás 10:00 horas dende o mesmo punto de partida.

Os participantes gozarán ao rematar de avituallamento e comida. Ademais, realizarase un sorteo e entregarase un agasallo conmemorativo da proba ás 200 primeiras persoas inscritas.

Ese mesmo día celebrarase un circuito infantil ás 12:00h para que todos os nenos e nenas que desexen participar poidan gozar tamén deste evento deportivo. A actividade será totalmente gratuíta, e quen queira participar deberá anotarse previamente na piscina municipal.

Allariz, situado dentro da Reserva da Biosfera "Área de Allariz", ofrece un entorno natural para a práctica do ciclismo de montaña. As inscricións están dispoñibles a través de sportmaniacs.com, cun custo de 17€. A organización recomenda ás persoas interesadas inscribirse canto antes para asegurar a súa praza neste evento que promete ser inesquecible.

Á presentación da II edición da BTT Allariz asistiron o concelleiro de Deportes, Carlos Puga, os coordinadores deportivos do Concello de Allariz Roberto Naranjo e Javier López e un representante das asociacións ciclistas locais, Club Ciclista Allariz e A Sociedade Ciclista Alaricana que tamén colabora na actividade.

Obradoiros de emprego en catro mancomunidades



Manuel Pardo, delegado da Xunta, presentou os obradoiros.

A Xunta destina 11.149.170 euros á posta en marcha de 27 obradoiros duais de emprego que beneficiarán 536 participantes de 66 concellos e catro mancomunidades da provincia de Ourense.

Os concellos beneficiarios son os de Xinzo de Limia, Sandiás, Coles, A Peroxa, Amoeiro, O Barco de Valdeorras, Vilamartín, Petín, Monterrei, Cualedro, Oímbra, Sarreaus, Laza, Trasmiras, Bande, Lobeira, Lobios, Vereá, Celanova, A Merca, A Veiga, Rubiá, Carballeda de Valdeorras, O Carballiño, Boborás, Maside, Barbadás, Taboadela, Toén, Ourense, Quintela de Leirado, Padrenda, Gomesende, O Irixo, San Amaro, Punxín, Castrelo do Val, Riós, Vilardevós, Baltar, Calvos de Randín, Os Blancos, Porqueira, Rairiz de Veiga, A Bola, San Cristovo de Cea, Vilamarín, Piñor, O Pereiro de

Aguiar, San Cibrao das Viñas, Paderne de Allariz, Vilar de Santos, Vilar de Barrio, Allariz, Beariz, Avión, Melón, Ribadavia, Carballeda de Avia, Castrelo de Miño, Castro Caldelas, A Teixeira, Montederramo, Coles, A Peroxa, Amoeiro, O Barco de Valdeorras, Vilamartín, Petín, Monterrei, Cualedro, Oímbra, Sarreaus, Laza, Trasmiras, Bande, Lobeira, Lobios, Vereá, Celanova, A Merca, A Veiga, Rubiá, Carballeda de Valdeorras, O Carballiño, Boborás, Maside, Barbadás, Taboadela, Toén, Ourense, Quintela de Leirado, Padrenda, Gomesende, O Irixo, San Amaro, Punxín, Castrelo do Val, Riós, Vilardevós, Baltar, Calvos de Randín, Os Blancos, Porqueira, Rairiz de Veiga, A Bola, San Cristovo de Cea, Vilamarín, Piñor, O Pereiro de Aguilar, San Cibrao das Viñas, Viana do Bolo, A Gudiña e Vilariño de Conso.

Trasniños
ARÁNDANOS
 SIN CONSERVANTES SIN COLORANTES
 ¡Da terra a túa mesa!
 Pedidos: 617 41 80 17.
 O TRASNO. Rúa Lepanto, 10. Ourense.



Las tapitas de Marian
 Empanada de maíz.
 Arroz con zamburiñas. Ensaladas. Tarta de Allariz.
 Rúa Lepanto, 19 . Tfno. 622 70 90 45 . OURENSE



Capricho
 Servizo a domicilio
 CASCO HISTÓRICO OURENSE
 Rúa Lepanto, 17 - baixo - OURENSE
 Tfno. 988 981 601



acouBAR
 Comida tradicional galega
 Especialidade: Cachopo.
 Rúa Fornos, 6. Tno. 689 63 14 16 OURENSE



A Deputación destina máis de 1,2 millóns a Laza para obras e servizos

O presidente da Deputación, Luís Menor, estivo en Laza acompañado polo alcalde, José Manuel Barreal, e membros da corporación, co obxecto de visitar algunhas das obras en marcha neste concello tanto no marco do Plan CooperOU como das axudas aprobadas polo Goberno provincial, programa de investimentos que ata agora ten comprometido máis de 1,2 millóns de euros para este municipio.

Menor comprobou as obras que está a executar o Concello para a restauración do muro de contención entre a rúa Zapateiros e a praza da Picota, cun investimento de 30.000 euros. Tamén visitou o acceso ao patio de manobras da base do GES (38.000 euros) e á cuberta da pista de pádel (42.642,17 euros), así



Estado actual das obras provinciais en Laza.

como ademais o núcleo da Retorta, onde coa axuda da Deputación e da Comunidade de Montes estase a renovar o pobo en materia de saneamento, abastecemento e pavimentación, "deixando a este núcleo como exemplo de recuperación no rural e con gran satisfacción da súa veciñanza", explicou Menor Pérez.

Xunto coa cantidade prevista no Plan Provincial de Cooperación CooperOU ata 2027 (823.153,17 euros), tamén está contemplado que a Deputación colabore na construción da residencia de maiores (252.000 euros) así como en futuras obras realizadas en cooperación con outras administracións como a Xunta.

Día da Bici no Pereiro de Aguiar

No Pereiro de Aguiar celebraron un ano máis o Día da Bici a fin de semana previa ao comezo do curso escolar. A participación foi de 250 rexistrados. O Día da Bici do Pereiro é unha proposta para todas as idades.

O percorrido foi desde a capitalidade ao encoro de Cachamuña e optouse por evitar a pasarela e gañar en accesibilidade. A edición disto ano chegou con novidades, entre outras un concurso fotográfico, o sorteo de agasallos entre os participantes e a animación e presentación da proba. "Fomentar o deporte, incentivar o contacto coa natureza e apostar pola convivencia cidadá son os obxectivos nos que incide esta actividade na que cada ano



Saída do percorrido.

participan máis afeccionados á bicicleta", dixo o alcalde.

Desde o Concello do Pereiro de Aguiar destacouse o traballo realizado por todo o equipo da Concellería de Deportes e os seus colaboradores e agradeceuse a participación dos voluntarios de Protección Civil e o GES.

O BNG demanda máis persoal para o Xulgado de Celanova

Iago Tabarés, deputado do BNG no Parlamento de Galicia, presentou no rexistro do Parlamento unha iniciativa na que demanda da Xunta de Galicia o incremento do cadro de persoal no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Celanova, e a dotar o Xulgado con persoal de re-

forzo no corpo de auxilio xudicial e no de tramitación procesual.

Sostén que procede de forma inmediata adoptar medidas de reforzo, xa demandadas polo propio Consello Xeral do Poder Xudicial tras a inspección realizada no ano 2022, que permitan a tramitación ordinaria dos asuntos

e eviten a crecente demora na resolución dos procedementos que se tramitan no Xulgado de Celanova, sen prexuízo da saúde, física e mental das traballadoras actualmente sometidas a un estrés continuo derivado de ter que atender un crecente número de expedientes cos mesmos re-

curso.

Este Xulgado abrangue os concellos de A Bola, Cartelle, Celanova, Gomesende, A Merca, Quintela de Leirado e Ramirás e está atendido, ademais do persoal dependente da administración do Estado, por dúas funcionarias do corpo de xestión procesual,

dúas do de xestión procesual e unha única persoal do corpo de auxilio xudicial, encargada esta última non só de asistir a sala un ou dous días por semana, senón tamén das citacións e notificacións propias dos procedementos xudiciais, e tamén do Rexistro Civil.

TAPERÍA
a barbería

Especialidade en comidas caseiras
988 25 28 78. Rúa do Páxar, 8 - Ourense

BAR ORELLAS

Orella, rabo, lacón, cachucha e polbo cocido e prensado. Lomo, chourizo, salchichón e marcón ibérico. Queixo manchego e Arzúa.

Santo Domingo, 2
988 37 25 59 OURENSE

TABERNA A LAREIRA

Churrasco. Parrillada. Polbo.
Tfno 617 64 93 88.

Rúa Velázquez, 9 soto. O Couto. Ourense.

A OFICINA
Bar de pinchos

Goza dun agradable ambiente e desconecta da túa rutina co mellor persoal degustando unha consumición.

988 31 80 83
Rúa Juan de Anjes, 12
O COUTO (Ourense)

OURENSE

Os presidentes do Principado e da Xunta nos actos de Galicia en Asturias

Alfonso Rueda, presidente da Xunta, agradeceu á colectividade galega en Asturias o seu compromiso por manter os lazos de unión entre ambas comunidades. Así o salientou en Oviedo, onde participou na celebración do Día de Galicia en Asturias, acompañado polo conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González que días antes estivo no Lar Galego de Avilés.

Rueda manifestou que “tiña que estar aquí” dada a importancia de “recordar un día ao ano o que supoñen Galicia e Asturias”, a unión de dúas comunidades que ten “un valor moi importante que temos que coidar”. Resaltou as fortes conexións que hai entre as dúas comunidades, as oportunidades conxuntas que existen e que “chegar a acordos entre as institucións” é posible por enriba das diferentes ideoloxías políticas. Apuntou ao Camiño de Santiago coma un exemplo de estreitamento de lazos entre ambas comunidades, sinalando que a aposta decidida do Concello de Gijón “está dando os seus froitos” na melloría das

cifras de peregrinos que pasan por Asturias.

Foi iste un dos actos centrais dunha serie de celebracións que cada ano organiza a Asociación Día de Galicia en Asturias, que preside desde fai 29 anos Manuel Fernández Quevedo ourensán de Loureiro (Nogueira de Ramuín), para honrar todo o que une ás dúas comunidades. En consecuencia, o presidente da Xunta agradeceu o bo facer de asociacións como Día de Galicia en Asturias e “en especial a labor do seu presidente, Fernández Quevedo”.

Insignias de ouro

O colectivo galego entregou as insignias de ouro e os carnés de socios de honra a Adrián Barbón, presidente do Principado de Asturias e a María del Carmen Moriyón Entrialgo, alcaldesa de Gijón nun acto celebrado no Hotel Reconquista. Alfredo Canteli, alcalde de Oviedo, felicitou aos homenaxeados dicindo “Hoy, se han reconocido, entre otras cosas, vuestra capacidad de diálogo y vuestro carácter conciliador. Dos cualidades que admiro y que comparto porque entiendo que, en

política, el interés de Oviedo, y de toda Asturias, debe estar por encima de cualquier ideología”. E continuou: Ha sido un placer acompañarles y apoyar, nuevamente, a mi querido Manolo Fernández Quevedo, presidente de la Asociación. Y, por supuesto, darle la bienvenida a Oviedo al presidente de Galicia, Alfonso Rueda”.

Cun xantar oficial remataron o actos de celebración da XXIX edición que organiza a devandita asociación. En días anteriores celebrouse o tradicional encontro empresarial astur-galaico na Cámara de Comercio de Oviedo onde foron homenaxeados os responsables de quince empresas asturianas e galegas. No Colexio Oficial de Médicos, o colectivo galego agasalhou á Policía Nacional con motivo dos douscentos anos do Corpo. A parte musical estivo animada por Antonio Barrios e Ialma, ao piano, así como por Carmen Cuevas Iglesias, de Ourense. Desde o día 6 ata este domingo día quince estivo aberta na rúa Picasso unha carpa para a degustación de produtos galegos, con queimada incluída.



Alfredo Canteli, Adrián Barbón, Alfonso Rueda, María del Carmen Moriyón e Manuel Fernández Quevedo.



Carmen Cuevas Iglesias na homenaxe á Policía Nacional. (Foto de Mario Rojas).



Unións Agrarias confía na Xunta e o Sindicato Labrego Galego manifestase

O responsable sectorial do sector vitivinícola no sindicato Unións Agrarias (UU.AA), Carlos Basalo, confirmou que existe por parte da Consellería do Medio Rural "un compromiso" para non deixar "colgados" aos viticultores da Ribeira Sacra coa colleita deste ano, de modo que toda a uva sexa recollida. "Está a buscarse o encaixe" adecuado para axudar aos viticultores. "Trabállase en varias vías, pero de momento non podemos adiantar nada máis, porque aínda non sabemos cal será a vía final", dixo Basalo. "Tamén se está traballando para que o ano que vén, cando empecen a podar, os viticultores da Ribeira Sacra saiban o que vai pasar coa colleita", indicou.

O Sindicato Labrego Galego (SLG) considera insuficientes as



Xuntanza do Sindicato Labrego Galego en Monforte.

medidas acordadas pola Xunta para facer fronte ao problema ao que se enfrontan os viticultores de Ribeira Sacra sen clientes para poder vender a uva.

UU.AA. e SLG organizaran o pasado venres unha concentración en Monforte fronte á sede do consello regulador pero UU.AA. ao ver o grao de compromiso que

adquiren os máximos responsables de Medio Rural consideraron suficiente para desconvocar as mobilizacións de Ribeira Sacra. "A razón de convocar unha mobilización é conseguir os obxectivos que nos fixamos antes, e un deles é o diálogo. Sen diálogo non se e pode chegar a ningún entendemento" sostén o sindicato.

Axudas para viticultores da Ribeira Sacra

O Partido Popular vén de presentar unha moción para o pleno da Deputación, na que pedirá a implicación dos grupos políticos da Corporación para alcanzar un acordo que permita complementar as axudas da Xunta de Galicia aos viticultores da Denominación de Orixe Ribeira Sacra.

O grupo popular afirma ser "moi consciente desta situación e sabe da necesidade de medidas urxentes que complementen as xa tomadas pola Xunta", destacando que o obxectivo desta iniciativa é alcanzar o prezo do custo da uva non recollida, coa finalidade de garantir a supervivencia das explotacións.

A vendima na Ribeira Sacra comeza o 23 de setembro



Vendima en Adegas Vella. (Abeleda. A Teixeira) na subzona de Ribeiras do Sil.

O pleno do Consello Regulador da denominación de orixe Ribeira Sacra decidiu como data oficial para iniciar a campaña da vendima 2024 o día 23 de setembro. Para iso, téñense en conta os datos dos controis de maduración que técnicas do Consello Regulador realizaron en parcelas representativas das cinco subzonas da denominación (Amandi, Chantada, Ribeiras do Sil, Ribeiras do Miño e Quiroga-Bibe) e con todas as variedades de uva acollidas á mesma. Os primeiros controis de maduración iniciáronse o día 26 de agosto. O pasado ano a data oficial foi o 14 de setembro, finalizando a ven-

dima alcanzando os 6.659.286 quilos de uva recollida.

Desde o día 29 do pasado agosto, algunhas adegas comezaron traballos puntuais de recollida de uva. Ata o 11 de setembro, 29 adegas dun total de 94 realizaron tarefas de vendima, chegando a un total de 244.707 quilos de uva recollida ata a mencionada data. O Consello Regulador continuará supervisando o desenvolvemento da vendima ao longo das próximas semanas, facilitando que leve a cabo nas condicións óptimas. Este ano, ata o momento, non se rexistraron incidencias climáticas nin fitosanitarias significativas que afectasen ao viñedo.

O Inocente Taperia
Menú do día
Comidas e ceas para grupos
Comidas para levar
Rúa Velázquez, 11. Tfno. 988 616 554 O COUTO. (Ourense)

Dali
CAFÉ-BAR-TAPERÍA
Celebraciones, eventos, tapeos y mucho más!
L-V 8:00-00:00 / Sábados 9:00-1:00
Salvador Dalí, 5 O Couto. Ourense

ADEGAS VELLA
Eirexa, 14 Abeleda (A Teixeira)
Tfnos 606807897 - 660047602
info@adegavella.com

Fogons
Especialidades:
Bacallao
Cociña galega
Tf. 659 98 43 20
Rúa Bedoya, 21 OURENSE

OURENSE

Bandas de música, orquestras e procesións na Virxe da Saleta en Cea

San Cristovo de Cea (Ourense) celebra desde o día 20 ao 23 de setembro as festas en honra da Virxe da Saleta. Os actos relixiosos comezan o venres día 13, ata o sábado día 21, coa novena ás 7.30 pm. O día 13 ao mediodía haberá gran folión pirotécnico para anunciar a novena con pregón, ás 19,30, de Antonio Gutiérrez González. O 19 a novena será ás 21,30 con procesión de facho na que portará a imaxe da virxe a Irmandade de Lexionarios de Galicia e amenizada pola banda de música Xuntanza. O 21 será a ofrenda floral presidida polo bispo Leonardo Lemos. O domingo 22 haberá misas ás 9,10, 11 e 12 da mañá, ésta con procesión na Praza do Santo Cristo. O luns, misas ás mesmas horas con procesión ás 12 e cantada polo grupo Lembranzas, de Pontevedra.

Programación variada

O venres día 20 de madrugada haberá gran folión pirotécnico e verbena amenizada por Mucho más allá e Aqua Music. O sábado 21 ás dez da mañá partidos de alevín F8 e alevín F8 B de Cea



Banda de música de Celanova.

contra Terras de Maside. Dúas horas despois, partido de liga infantil F11 de Cea contra O Barco. Alborada con Feitizo de Pau. Ás cinco da tarde festa infantil e ás 11 pm verbena amenizada por América S.L. O domingo 22 ás 10,30, pasacalles coa banda de música de Celanova que ofrecerá un concerto ás 13,30 na Praza Maior. Ás catro da tarde, percorrido musical polos pobos do municipio ofrecido por Feitizo de Pau. Ás 5

pm partido de fútbol no Campo do Ladairo. Ás 7 pm concerto da banda de Celanova e á 22,30 verbena con París de Noia e Zona Zero. O luns 23 ás 13,30 a banda de música de Muimenta ofrecerá un concerto na Praza Maior que repetirá ás 19,00. Ás 5 pm festa infantil con inchables, escuma, talleres e xogos. Os Satélite e a charanga Ardores amenizarán a verbena con gran tirada de lumes a cargo de Parroquia.

Ovos a Santa Clara para conseguir boas festas



Sonia, Mayte, Leticia e Raquel ao pé da torre do reloxo que preside a Praza Maior onde se sitúa a Casa Consistorial de Cea.

Sonia, Mayte, Leticia e Raquel integran a comisión das Festas da Saleta en Cea, por segundo ano consecutivo e aseguran que será o último. Contan que o orzamento para a edición festiva deste ano ascende a sesenta mil euros. O grupo estivo a preparar a programación practicamente desde que acabaron as festas do pasado ano. Visitaron aos veciños para recadar as cotas voluntarias, elaboraron unha revista de festas para obter ingre-

sos a través da publicidade e puxeron á venda cuncas, camisetas e rifas para tentar cubrir o orzamento. Por San Xoán organizaron unha paella con chourizos e últimamente, un torneo de poxado e escoba. Todo iso para cubrir os gastos que ocasiona a preparación dos festexos e actividades complementarias. Tamén entregaron ás monxas clarisas ovos para Santa Clara ao obxecto de conseguir éxitos nas súas xestións.



A Quinta de Cea

Tfno. 622 252 641 - 669 955 686
San Cristovo de Cea - Ourense
aquintadecea@gmail.com

**APARTAMENTOS
HABITACIONES**



galicia

www.aquintadecea.com



ACDC
A Casa Dos Caretas

640 96 68 05

Rúa Espada, 53 Cea (Ourense)

BAR OS AMIGOS

arrocés




Tfno. 627 519 798 A EIRA. Garabás (Maside)

BAR FUENTEFRÍA

Callos

Empanadas

Afumados

Carnes

Queixos

Ensaladas

Clásicos



Rúa Viriato, 6 Casco Vello OURENSE

Melloras na Galiña Azul

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez, acompañado da Alcaldesa de Salvaterra Marta Valcárcel, e a concelleira de Educación visitaron as obras de mellora na escola infantil nas que a Xunta de Galicia inviste máis de 45.000 euros. En concreto, obras de renovación de diferentes elementos do patio, substituíndo o pavimento e o peche de ocultación, ademais de mellorar os xogos dispoñibles e incorporar outros, como unha zona de areeiro cuberta. No edifi-



cio, mudaranse canles para evitar incidencias por infiltracións de auga e renovarase o acabado interior de paredes e carpintaría.

Curso gratuito de capacitación dixital

Salvaterra entrou este ano a formar parte da Rede Estatal de Centros de Capacitación Dixital en entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Financiado pola Unión Europea Next Generation e que busca crear unha rede estatal de centros de capacitación dixital, no ámbito do Sistema de Formación Profesional, en entidades locais, que se integrará como parte da rede estatal de

centros de capacitación dixital. A través desta subvención adecuouse unha sala na Casa de Cultura, un espazo físico adecuado e accesible, con equipamento informático conectado a rede de Internet onde se levará a cabo a formación en competencias dixitais transversais. En total o Concello de Salvaterra recibe 24.500,00€ para a creación da Aula Dixital e a implementación de cursos de dixitalización a súa poboación.

Salvaterra Emprega IV

A Xunta de Galicia ven de comunicar a concesión dun novo Obradoiro dual de Emprego, Salvaterra Emprega IV, por un importe de 411.928,00€ cunha duración de 9 meses e que dará comezo a principios do mes de decembro.

No obradoiro se pretende formar a 20 persoas desempregadas nas especialidades formativas no ámbito Forestal e de Xardinería. As obras a realizar a través deste obradoiro están destinadas a darlle continuidade a posta en valor do parque forestal Monte Castelo, ubicado na parroquia de Pesqueiras, e no cal se está traballando a través dun convenio coa CCMM



co fin de seguir mellorando o noso patrimonio e reforzar un recurso turístico moi importante para o noso municipio. E por outro lado a través das actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería farase un traballo de mellora nas zonas verdes, parques así como nas sendas municipais.

Concello e Deputación avanza en servizos e infraestruturas



O presidente da Deputación de Pontevedra, Luis López, reuniuse coa alcaldesa de Salvaterra de Miño, Marta Valcárcel, para afondar en proxectos que a institución provincial ten en mar-

cha na vila e noutras iniciativas a desenvolver para a mellora dos servizos e infraestruturas municipais, comprometéndose a estudar as diferentes vías de colaboración para poñelas en marcha.

100.000€ para melloras no deporte en Arbo

O Concello de Arbo invirte máis de 100.000 euros na mellora das instalacións deportivas, entre as que se atopan o Campo de Fútbol e o Pavillón Polideportivo. As obras están financiadas pola Deputación Provincial de Pontevedra por importe de 33.268,59€, pola Dirección Xeral da Administración Local da Xunta de Galicia por importe de 60.000€ e o restante será financiado con cargos a fondos propios do Concello de Arbo.



Visitar o Museo Arbo ten premio

Coa finalidade de incentivar as visitas ao Centro de Interpretación do Viño e da Lamprea Arbo así como de cara á LXV Festa da Lamprea de abril de 2025, o Concello organiza o Concurso "Visita o Museo Arbo e Gaña"

na que o visitante poderá obter produtos do Museo, así como viño e espumosos das Adegas arboenses, pertencentes á D.O Rías Baixas. O sorteo realizarase entre as papeletas depositadas dende o vindeiro 1º de outubro ata o 31 de marzo de 2025.

El Rincón de Mary

SALVATERRA DE MIÑO Telf: 609 31 28 66

Agrícola "A Sementeira"

PIENSOS - CEREALES - SEMILLAS - AGRÍCOLA
JARDÍN - SULFATOS - ABONOS / SUSTRATOS - ETC

Telfs: 986 65 93 94 - 606 74 50 09
c/ Rúa Galicia, 2 Baixo SALVATERRA DE MIÑO (al lado del DIA)

MARANTÍA SEGUROS

Telf: 986 659 101
pino.rodriguez@occident.com
Rúa Curros Enríquez 4, baixo 3
SALVATERRA DE MIÑO

BAIXO MIÑO

TUI

Tui lidera as cifras como inicio do Camiño Portugués

Tui segue sendo a primeira localidade do Camiño Portugués elixida para iniciar o Camiño e a segunda de todas as rutas xacobeas. Segundo os datos da Oficina do Peregrino da Catedral de Santiago de Compostela referidos ao pasado mes de agosto de 2024, recollidos en base ás "Compostelas" entregadas, recollen que o Camiño Portugués foi recorrido nese mes por un total de 14.878 peregrinos, cun incremento do 9% en relación aos datos do pasado ano.

Neste sentido, o 55,10% dos peregrinos do mes de agosto, en concreto 8.197 persoas, escolleron a cidade de Tui para iniciar o seu Camiño de Santiago. Logo está



Valença onde comezaron 2.530 peregrinos e peregrinas.

En relación ao resto dos Camiño de Santiago unicamente o municipio de Sarria, no Camiño Francés, supera a Tui en numero de persoas que inician o Camiño con 27.156

peregrinos. A nivel estatal a maior parte dos peregrinos foron de Andalucía, Valencia, Madrid, Castela a Mancha e Cataluña. En canto ao exterior os visitantes foron de Portugal, Italia, Alemaña, EEUU e Polonia.

II Concurso Nacional de Saltos

Máis dun centenar de xinetes e amazonas daranse cita en Tui para participar no II Concurso Nacional de Saltos que se celebrará nas instalacións do Club Hípico Equigalia, en Marco de Friande, os días 20, 21 e 22 de setembro. Tras o éxito da edición de 2023 o club tudense, coa colaboración co Concello de Tui e a Federación Hípica Galega, organiza esta competición, unha das tres de carácter nacional que se celebran en Galicia.

Ao longo da fin de semana haberá máis de 120 saídas a pista, participando xinetes con títulos nacionais e mesmo un olímpico, pero tamén haberá participantes de todas as idades. Haberá amais bautismo hípico con ponis para cativos e cativas e unha zona de restauración.



A competición comezará xa o venres ás 14.30 h e continuará tanto o sábado coma o domingo dende as 10.30 h. Pero amais dos saltos tamén se realizarán probas moi divertidas coma o Jump&Run por equipos, unha competición na que un xinete ou amazona e un corredor terán que realizar con zigzag, saltos...

gañando o equipo que realice o percorrido no menor tempo.

O evento foi presentado polo alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, o vicepresidente da Federación Hípica Galega, Gonzalo Autran, a presidenta do Club Hípico Equigalia, Elvira Crespo, a directora do concurso, Paula López e a secretaria do club, Natalia Blanco.

Máis de 450 persoas descubriron o Monte Aloia

Durante este verán e grazas á colaboración de A Fada do Aloia e de Segemento Divertido, máis de 450 persoas participaron no programa Descubrindo o Monte Aloia posto en marcha polo Concello de Tui.

Así como tudenses os participantes deste programa foron persoas chegadas da Guarda, O Porriño, Mos, Nigrán ou Vigo, pero tamén dende Almería, Barcelona, Madrid, Santa Cruz de Tenerife, Valencia, Valladolid e Zaragoza. Ao longo dos meses de xullo e agosto as persoas participantes nesta iniciativa puideron coñecer



a muralla ciclópea e os miradoiros do Aloia, achegarse aos muíños do Tripes, do Deique ou a Poza de Cabanas, tamén coñecer máis de preto a flora e fauna na Senda Botánica.

Melloras nos centros educativos



O Concello aproveitou a tempada estival para realizar obras, arranxos e labores de mantemento nos 9 centros educativos do munic-

pio, destacando o CEIP de Caldelas, os CEIP N° 1 e 2, o CEIP de Guillarei en Pazos de Reis e o CEIP de Randufe.

Ruta do bacallau nas Xornadas Gastronómicas Sefardís

No marco do "Setembro xudeu", un total de 8 establecementos participaron nas Xornadas Gastronómicas Sefardís coa oferta da "Ruta de tapas de bacallau". O

Concello editou un "pasaporte" para que as persoas que degusten a ruta podan selar en entregar ata o 10 de outubro na Oficina Municipal de Turismo para participar en diversos agasallos.

Asesoría Técnica Agrícola

AGROITIS

Telfs.:
Oficina: 986 642 507
Pancho: 616 940 394
Cristina: 679 959 797

Avda. Ciclista
Dello Rodríguez nº4 baixo
36860 Pontearreas
agrovitis@agrovitis.es
www.agrovitis.es

CERRAJEROS
Y MULTISERVICIOS HOGAR

O REMENDÓN

637 764 865
www.cerrajeroremendon.es

24h.

ELECTRICIDAD
IN.M.A.C.
CONDADO S.L.

Calefacción eléctrica
Instalaciones y montajes eléctricos
Servicio de averías y mantenimiento 24 horas

Telf: 986 658 207 - 651 860 155 - 651 860 185
Pol. industrial Chan da Ponte
36450 - SALVATERRA DE MIÑO

TUI

Concello solicita declaración de memoria democrática

O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, asinou, ao abeiro do establecido na Lei 20/2022, do 19 de outubro, de Memoria Democrática, a solicitude de declaración de catro enclaves da nosa cidade como "Lugares de memoria democrática" co obxectivo, en palabras do propio rexedor Enrique Cabaleiro, de preservar a memoria das vítimas da Guerra Civil e posterior represión pola ditadura franquista, tamén como testemuño de recoñecemento e co obxectivo de erradicar calquera forma de violencia política ou totalitarismo.

Serán así solicitadas para esta declaración o antigo cárcere do partido xudicial na Praza da Inmaculada onde estiveron detidos



a inmensa maioría destes represaliados; o parque da Alameda pois no inmediato cuartel de San Domingos tiveron lugar numerosas execucións dos condenados á pena capital; o Destacamento da Armada como recoñecemento a leal-

dade da dotación do "Cabo Fradera" ao goberno lexítimo; o cuartel dos Carabineros, actualmente da Guardia Civil, pois tamén este corpo policial mantivo unha exemplar fidelidade fronte ao golpe militar.

"Boas Vives" pola igualdade na mocidade

Tui celebrará os días 20, 21 e 22 de setembro "Boas Vives", unha iniciativa que busca fomentar a igualdade de xénero a través da arte, a cultura e o deporte. coa participación de recoñecidos artistas galegos de distintas disciplinas como a cantante de músicas urbanas Wöyza, a Premio Nacional de Poesía 2023 Yolanda Castaño, a debuxante e docente Coral Martínez, a bailarina e coreógrafa de danzas



urbanas Yara Juncal, o grupo Boombox Dance Studio, o colec-

tivo Vella Escola e a patinadora Bomba Hache.

"Setembro xudeu"

Unha árbore simbolizará á familia da Red de Juderías na Xornada Europea da Cultura Xudía 2024 a celebrarse en Tui en setembro, un ciclo de eventos no que participan 37 países europeos para poñer en valor a importancia da herdanza da cultura xudía e o seu patrimonio.

En 2024, o tema central das Xornadas será "Familia", un concepto co que a Rede de Xuderías quere mostrar como o proxecto común de recuperación do legado xudeu que comparten as súas 21 cidades é entendido como a extensión dunha gran familia que traballa unida nun proxecto profundamente enraizado e que



crece e florece arredor da cultura e o patrimonio. En todas as cidades integradas na Red de Juderías colocárase en distintos emprazamentos unha gran árbore que simboliza a unión e o crecemento das mesmas.

"Coñece o noso patrimonio"



Mais de 450 persoas, tanto veciños como visitantes, participaron durante os meses de xullo e agosto no ciclo de visitas guiadas "Coñece o noso patrimonio" organizado polo Instituto de Estu-

dios Tudenses, coa colaboración do Concello. Neste evento participaron os historiadores Suso Vila, Carmen Manso Porto, Marta Cendón Fernández e Rafael Sánchez Bargiela e os arqueólogos Benito Vilas e Juan José Perles Fontao.

PFC Condado

TANATORIO ARBO

TANATORIO PONTEAREAS

TANATORIO TUI

TANATORIO TOMIÑO

+55

Pompas Fúnebres del Condado

Gracias

BAIXO MIÑO

Rui Teixeira, novo presidente da AECT Rio Minho

O Conselho Coordinador do Agrupamento Europeu de Cooperaç o Transfronteiriça AECT Rio Minho renovou os cargos de gest o do Conselho Coordinador do agrupamento nos termos dos seus estatutos. Nesta ocasi o, assume o cargo de director o Presidente da C mara Municipal de Vila Nova de Cerveira, Rui Teixeira; e da mesma forma, Roberto  lvarez Carrero, Presidente da C mara Municipal da Guarda, representar  o cargo de Vice-director.

A AECT Rio Minho foi consolidada em 2018, e abrange um total de 26 munic pios; 10 deles no territ rio portugu s, pertencentes   Comunidade Intermunicipal do Alto Minho, e 16 no territ rio galego da prov ncia de Pontevedra, com ligaç o ao rio



Minho. A  rea de atuaç o abrange mais de tr s mil quil metros quadrados de superf cie e 375.995 habitantes.

Cerveira-Tomi o revalida o seu t tulo Olympics4All

A Eurocidade Cerveira-Tomi o revalidou em Monç o o seu t tulo das olimp adas senior Olympics4All por quinta vez nun encontro que reuniu a preto de 400 participantes de equipos de todos os concellos do Alto Mi o, Salvaterra de Mi o e Fornos de Algodres e da APPACDM de Viana do Castelo. A alcaldesa de Tomi o, Sandra Gonz lez, felicitou a todo o equipo da Eurocidade Cerveira-Tomi o pola s a gran faza a e pola dedicaci o e esforzo realizados ao longo de todo o ano, adestrando d as veces por semana de forma supervisada no Parque de Ocio do Cas-



telinho nun encontro interxeracional e transfronteirizo no que os protagonistas son o deporte, a sa de e a convivencia.

250 artistas no MUMI da Eurocidade

A V edici o do MUMI congregou a 250 profesionais das m sicas galega e portuguesa na Eurocidade Tui-Valenç a a trav s de 350 encontros entre programadores e artistas que presentaron as s as propostas en salas, teatros, fes-

tivais e ciclos de entidades p blicas e privadas, confirmando ao MUMI como o escaparate de referencia para co ecer os traballos de bandas e artistas da Galiza e Portugal de cara  s programaci ns da pr xima tempada.

Semana Europea da Mobilidade

Entre o 16 e 22 de setembro, a Eurocidade Tui-Valenç a levou a cabo a Semana Europea da Mobilidade con diversas actividades de sensibilizaci o. Neste sentido destaca a presentaci o do estudo sobre

o Marco de Mobilidade Urbana Sustentable Transfronteiriza da Eurocidade Tui-Valenç a, un roteiro polos centros hist ricos de Valenç a e Tui e a iniciativa "Eurocidade sen Coches" na Ponte Internacional Centenaria.

A empresa familiar destaca no V Encontro empresarial MERCATUS

Tui acolleu o V Encontro networking para empresarios de Galicia e norte de Portugal, centrado na reorganizaci o da empresa familiar e a colaboraci o transfronteiriza a prol da xeraci o de riqueza e emprego. O evento, no que tam n participou a Xunta, foi organizado pola C mara de Comercio de Tui, o Agrupamento Europeu de Interese Econ mico Transfronteirizo (Mercatus) e a Confederaç o Empresarial do Alto Minho (Ceval).

A Xunta explicou iniciativas como o Plan Remuda e axudas asociadas por 1,5M  no seo da Rede de polos de emprendemento, o Programa Retorna Cua-

lifica Emprego enfocado na di pora e o Programa Ultraia Galicia, unha serie de encontros que arrancaron en Ourense e que chegar n ao resto de provincias co obxecto de incentivar  s persoas emprendedoras, creaci o de startups e financiamento en sectores estrat gicos.

O encontro permitiu igualmente destacar a colaboraci o da Xunta coa Agrupaci o Europea de Cooperaci o Territorial Galicia-Norte de Portugal para o desenvolvemento da actividade de coordinaci o do servizo de emprego Eures Transfronteirizo, co gallo de facilitar a mobilidade dos traballadores transfronteirizos.

www.novasdоеixoatlantico.com

globaltea
inform tica + telefon a

- Ordenadores novos e reacondicionados
- Venta e reparaci o de m biles
- Internet low cost: Lowi, O2, Simyo, DIGI

Rogelio Groba Groba, 21. Telf: 986 640 003 - PONTEAREAS
R. Victoriano P rez Vidal, 42-B. Telf: 986 340 528 - SALCEDA
Alcalde Casal Aboy, 2. Telf: 986 184 898 - TUI

PINTURAS
BARCO LE N

PINTURA PL STICA - BARNICES
ESMALTES - PAPELES

PINTAMOS SU CASA. P DANOS PRESUPUESTO



Paseo Matutino, 2. 986 660 379 - 686 571 679. Ponteareas
Villanueva, 18. 986 651 145 - 609 366 364. A Carliza



Presentado o Inventario do Xeodestino Ría de Vigo e Baixo Miño

O Xeodestino Ría de Vigo e Baixo Miño continúa o seu firme avance na implantación de proxectos turísticos conxuntos, cunha clara aposta pola posta en valor dos seus recursos naturais e patrimoniais.

Os 13 concellos implicados no Plan de Sostibilidade Turística en Destino 'A Despensa de Galicia' (A Guarda, Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Nigrán, O Porriño, O Rosal, Oia, Pazos de Borbén, Redondela, Tomiño e Tui) reuníronse na Guarda o pasado 4 de setembro para facer balance do xa realizado e as futuras accións.

O día 16 presentouse no Porriño o rexistro de 236 recursos vinculados a sendeiros, miradoiros e rutas cicloturistas para continuar apostando por un turismo de calidade e sustentable no marco



dun inventario clave para impulsar o turismo e a enogastronomía nos concellos do Xeodestino Ría de Vigo e Baixo Miño. Este inventario permitirá orientar as prioridades nas futuras intervencións levadas a cabo ao abeiro do Plan de Sostibilidade Turística en Destino 'A Despensa de Galicia' financiada pola Unión Europea.

Actualmente hai tres proxectos principais do Xeodestino Ría de Vigo e Baixo Miño: a recuperación dunar da baía de Cesantes, en Redondela; a intervención para a recuperación ambiental na Foz do Miño entre Baiona e Nigrán; e a mellora da eficiencia enerxética e da iluminación artística da Catedral de Tui.

Nigrán participou en asistencia técnica en Cabo Verde

Dúas traballadoras municipais de Nigrán, Carla Pérez; e Brión, Lola Baneira, estiveron en agosto realizando asistencia técnica en Cabo Verde dentro do programa Especialistas en Cooperar, impulsado polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e financiado pola Agencia Española de Cooperación Internacional al Desarrollo.

O presidente do Fondo Galego e alcalde de Nigrán, Juan González, estivo tamén no arquipélago africano para afianzar as relacións de colaboración cos municipios caboverdianos e coa propia AECID.



Alí foi recibido na Cámara Municipal do Tarrafal e no Municipio de São Miguel da man do seu re-

xedor e presidente da Asociación Nacional de Municipios de Cabo Verde.

Apertura da Aula de Acolida

O Concello de Oia pon en marcha o programa Aula de Acolida para o curso 2024-25 para garantir a conciliación da vida laboral e familiar. O programa comezou o 11 de se-

tembro, desenvolvéndose nunha das aulas do CEIP Mestre Manuel García. O servizo tamén inclúe bonificacións de acordo aos usuarios que sexan membros dunha mesma unidade familiar.

Compostaxe para un Oia máis sostible

O Concello de Oia anima á veciñanza a unirse ao programa de compostaxe doméstica, unha iniciativa clave para mellorar a xestión dos biorresiduos no municipio. Este programa municipal busca fomentar a autoxestión da materia orgánica, contribuíndo así á redución dos residuos sólidos urbanos. As persoas que posúan un pequeno terreo en Oia poden transformar os seus residuos orgánicos en compost de alta calidade. O Concello ofrece gratuí-




tamente composteiros e aireadores domésticos para facilitar esta tarefa.

O rosaleiro Gon Caride, gañador do festival Rurales

O Concello do Rosal felicitou ao cineasta Gon Caride polo premio acadado no festival Rurales coa obra "Morte e o meu avó" na que fusiona documental e ficción rodada en parte nas Eiras

A curta, que contou coa colaboración do Concello do Rosal, conta con máis dunha ducia de nominacións ás súas costas e foi tamén galardoada como mellor curtametraxe galega no City Blue Film Festival de Vigo. O xurado do concurso salientou que a curta é unha fermosa e emotiva reflexión sobre as trampas da memoria e a fantasía



dunha infancia perpetua, levando ao público a un diálogo íntimo e profundo entre a vellez e a morte.

CONFITERIA

Especialidade en rosquillas e melindres



Regino

Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís a partir de 2 kgs.



Rúa Reveriano Soutullo, Pontareas 986 640 834

Óptica mahen

Ópticos desde 1939



Nº Reg. Sanitario E-36-000038

PONTEAREAS

PONTEVEDRA

A artista palestina Raida Adon estará na XXXII Bienal de Arte

O vicepresidente da Deputación de Pontevedra Rafa Domínguez confirmou que a artista e actriz palestina Raida Adon, refuxiada en París, será unha das participantes da recuperada Bienal de Arte. A artista visitou a cidade, onde puido percorrer da man do vicepresidente provincial as instalacións do Convento de Santa Clara.

A XXXII Bienal de Arte de Pontevedra regresará despois de 15 anos a celebrarse os días 15 de xuño e 30 de setembro de 2025. Tamén participarán artistas destacados como Francesc Torres,



Farida El-Gazzar e Patrice Warren. Raida Adon foi a primeira muller en presentar unha exposición in-

dividual no Museo de Israel despois de máis de sete décadas de existencia.

Vigo recibirá 6,2M€ para mobilidade urbana sostible

A Deputación de Pontevedra vén de asinar a addenda que salva a perda de 6,2 millóns de euros de investimentos en Vigo. Trátase de partidas que estaban a piques de caducar, correspondentes a proxectos que o Goberno local non foi capaz de executar no prazo do convenio en vigor, e que se destinarán agora a proxectos de mobilidade

urbana sostible. A Deputación achega o 70% deses investimentos, considerados os máis altos da institución provincial para o Concello vigués.

Este financiamento servirá para impulsar conxuntamente co Concello vigués actuacións de mobilidade na cidade como as ramplas mecánicas na rúa do Pintor Colmeiro entre as rúas de Álvaro

Cunqueiro e Tarragona; a mellora da accesibilidade na rúa Juan Ramón Jimenez, entre Marques de Valterra e Torrecedeira (1,14M€), ademais da humanización da rúa San Roque entre as rúas de Gregorio Espino e Reiseñor (2,27M€). Todo isto súmase aos proxectos xa comprometidos como a grada de Gol de Balaídos e a compra do Cine Fraga.

A cidadanía participa na reapertura do Cine Fraga

O presidente da Deputación de Pontevedra, Luis López; e o conselleiro de Cultura, Língua e Xuventude da Xunta, Jose López; mantiveron un encontro con máis de 150 persoas para tomar nota das súas propostas e incorporalas á redacción do plan de usos do Teatro



Cine Fraga no primeiro encontro aberto á cidadanía.

López destacou a "necesaria colaboración institucional entre a Deputación e a Xunta" para adquirir o inmoble por 9,3 millóns de euros coa finalidade de que volva a abrir as súas portas despois de máis dunha década.

DepoEmprende en 35 centros educativos

A Deputación de Pontevedra acaba de lanzar unha nova edición do programa DepoEmprende, que se desenvolverá ao longo do vindeiro curso escolar 2024-2025 en 34 centros educativos de Primaria, Especial, ESO e FP. A iniciativa ten como obxectivo fomentar o emprendemento a cultura em-

prendedora nas aulas como motor de innovación da competitividade, da creación de emprego e do crecemento económico. O prazo de inscrición é ata o 30 de setembro. No caso de DepoEmprende FP, o alumnado poderá participar nos Premios Demo Day convocados ao abeiro deste proxecto.

Pontevedra recibiu case un 40% dos turistas en Galicia

O presidente da Deputación, Luis López, informou dos datos pechados de turismo do mes de xullo facilitados polo Instituto Nacional de Estatística (INE) e que reflicten que a provincia de Pontevedra recibiu preto do 40% dos visitantes que acudiron a Galicia. O 74% dos turistas residían en España fronte ao 26%

de estranxeiros que viñeron en xullo. Ademais subliñou que, segundo o INE, o mes de xullo tivo unha ocupación superior ao mesmo período do 2023, cun 2,2% de incremento.

En canto aos lugares destacan as visitas aos castelos de Soutomaio e Sobroso e os Camiños Portugués e pola Costa así como a Vía da Prata e o do Inverno.

Vendimia no Castelo de Soutomaio

A Deputación de Pontevedra deu comezo á vendimia con 18 persoas nas catro hectáreas de viñedo situadas na finca do Castelo de Soutomaio, coa previsión de recoller arredor de 12.000 quilos. A encargada da colleita e da explotación da uva albariña e doutras variedades brancas é a adega A Quinta das Eiras, logo de ter gañado a poxa pública convocada pola entidade provincial. A uva é autóctona, na súa maioría albariño, habendo outras variedades brancas como o godello, torrontés, loureiro e treixadura.



ALFESO
Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIÓN
TODO TIPO DE XESTIÓN COAS INSTITUCIÓN PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B Ponteareas T. 986 66 00 00

forjados
hinos. duran s.l.

www.forjadosduran.com



MEREDES ELIXIR.

GADIS

OPINIÓN

Por Baldomero Iglesias Dobarrio. Mero.

Desestabilizar

Estamos nun estado latente de envelenados cultivos, próximos e de incerteza, que crean no ambiente unha tensión insoportable. Respíranse bafos efectistas e empezoñados, xorden grandes titulares neste estado inhóspito de violencia que nos arrastra cara ao peor de nós, levados da xenreira e dos odios cando proveñen desa máquina de provocación, na intervención social de medios e redes, na mentira. Ao final son clientelismos, queiramos ou non, case inconscientes de formatos ideolóxicos que nos instigan a comportamentos de incitación, exentos de liberdade, someténdonos a xuízos urxentes, onde a demagoxia tamén ten algo que ver e onde chegamos a amosar os nosos peores instintos, xa inhumanos, eses que están lonxe da pacífica convivencia e da tolerancia, tamén de calquera forma de democracia, aínda en baixa cota. Se analizamos as noticias que nos dan en grandes titulares, eses medios de intervención social, resulta lamentable e suicida. Convértese en cómplices do desastre. Non é certo nin pode ser posible que haxa quen equipare delincuencia con inmigración, sobre todo despois do que levamos vivido e

das memorias que aínda temos a flor de pel da nosa contorna, onde sabemos a albiscada dependencia que temos respecto da emigración a América, a Europa, a calquera lugar do mundo, mesmo nos submundos ou ultramundos! E non queremos lembrar. Cometemos a falta do terrible esquecemento, das memorias que non foron aprendidas e experimentadas. Aínda así, sabendo canto sabemos, desvinculámonos da nosa sociedade, do noso hoxe, aceptando o surrealismo da inseguridade e da okupación, dos “menas” deambulando espazos perdidos, onde de súpeto aceptamos que son inimigos, perturbados que rouban



á xente vella, que violan á xente nova e, despois por riba, queiman edificios e coches estacionados na propiedade privada de calquera urbanización pública ou de luxo. Hai quen fala xa de matar aos mouros, desa caste tan perniciosamente falando. E ao pouco que pensemos até onde chegamos, dá gana de volver sobre dos pasos e reflexionar tan só un pouco. Cómpre regresar, como tantas veces, porque estamos na dinámica violentísima na que alguén mente, na que alguén explosiona as palabras en esaxeradas formas, sabendo que o falar -e o escribir- non ten cancelas, que se pode agrandar todo. E sobre todo sabendo que haberá quen divulgue tanta necidade perversa. Deixámonos influír por mensaxes de encirrado masivo á violencia, de desestabili-

zación social que adxudica rapidamente o delito, sen probas, á xente máis vulnerable, aquela que non ten onde caer nin abeirar. Debemos pensar que é o que nos ameaza de forma tan sospeitosa para alimentar ese monstro demagóxico que busca escusas para

sumarnos á masa informe de protesta e de violencia, a esa espiral que en realidade é de dexeneración humana, case demente. Por riba a lei non se aplica a cantos menten, a cantos din -con premeditación- as mentiras e son responsables desta potencial delincuencia que está tan presente na sociedade. Agrandada tamén pola irreflexiva aplicación de leis que non contemplan casos, nin modos, nin proporcionalidades, nin tempos, nin lugares, nin estados, nin situacións precisas e variables de todo tipo. Isto vén avalado tamén por un racismo exacerbado, por ese rancor nacido en frases lapidarias como que nos quitan o traballo, que nos rouban as casas, que nos ocupan os sitios, precisamente nesas diferencias que non teñen nin razón nin explicación algunha, máis cegan horizontes rexenerativos dun sistema que se debe actualizar, agrandar en admisión, en comprensión e que preconice a igualdade e a inclusión, sen máis mandangas nin patrañas dos surrealistas próceres que “governan”, eses si -moitos deles- no gume das navallas e do crime, do escurantismo e de leis que chegan a conculcar todas as liberdades alleas.



Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador

Vertebrar o país.
A lingua nas empresas

En 1952 os Laboratorios Zeltia editaron o primeiro número do Almanaque Agrícola ZZ, unha publicación comercial editada integramente en lingua galega. Foi modélica, tanto pola divulgación da oferta de produtos fitosanitarios, moi demandados para combateren os andazos e pestes agrícolas que tamén afectaban aos animais, como polo resto dos contidos de carácter cultural que os consumidores daqueles tempos valoraban positivamente con afervoadada simpatía.

Anos despois, en 1957, publicouse o primeiro número da Revista de Economía de Galicia. Pertencían ao consello de redacción, entre outros, os empresarios Álvaro Gil Varela e Antonio Fernández López, copropietarios dos Laboratorios Zeltia. A liña editorial desta revista insírese na historia do pensamento económico galeguista que se viña formando desde tempos atrás. Extraemos un parágrafo ben significativo dun texto publicado no primeiro número: “A economía ten un íntimo vencello coa cultura, ben como un dos factores integrantes en canto riqueza, como produto cultural específico, ben en canto investigación e coñecemento teórico desa riqueza.

Rexeitamos, por absurda e sen fundamento científico, a contraposición da cultura coa economía. Se a investigación da nosa realidade económica é unha tarefa cultural case intacta, a culpa non é dos poetas, dos artistas, dos historiadores ou dos etnólogos; son outros os chamados a facela. A cultura inflúe decisivamente no desenrolo económico, e viceversa”.

Velaí porque na aludida historia do pensamento económico de Galicia houbo personalidades que tiveron moi clara a alianza estratéxica da lingua galega coas empresas nas súas comunicacións e rotulacións publicitarias. Filosofía que ten como punto de partida o I Congreso de Economía de Galicia celebrado en 1925. Ensinanzas que botamos en falta no currículo académico das facultades e escolas universitarias dedicadas á formación de creativos de imaxe corporativa e directivos empresariais, amosando sumisión á lingua dominante e desprezo pola galega.

Os estudos de mercado publicados demostran que a etiquetaxe en lingua galega reforza a autenticidade da procedencia dos nosos produtos nos mercados internacionais, onde son ben valorados polos

consumidores. Os denominados “produtos delicatessen” son a mostra do que estamos a afirmar. As nosas marcas comerciais deben imitar os exemplos de comercialización de produtos foráneos etiquetados en cadansúa lingua de orixe, que nós, consumidores galegos, aceptamos con naturalidade. Formamos parte dunha Europa plurilingüe, e, como consecuencia, as nosas marcas comerciais deberían estar nos mercados internacionais con acento propio. Os avances neste campo son evidentes, malia os prexuízos lingüísticos enquistados nalgúns sectores empresariais.

Na administración autonómica cuestionan esa protección legal as deliberadas interpretacións ideolóxicas restrictivas que fan algúns funcionarios con evidentes intencións de desactivaren o entusiasmo galeguizador de moitos empresarios do sector agroalimentario, alentados polo marco xurídico que ampara, protexe e fomenta o uso da lingua galega en todos os ámbitos sociais.

Canto máis forte é a personalidade dun pobo, máis intenta desenrolala; canto máis débil, máis intenta agochala. E aquí onde o Igape, como institución que ten como misión afortalar o tecido empresarial consonte co ordenamento xurídico vixente, debe implicarse neste proceso regaleguizador incluíndo unha cláusula lingüística como un código ético nas ofertas de sub-

vencións para o fomento do tecido empresarial, obrigando ás empresas, e con máis razón naquelas das que forma parte dos consellos de administración, ao cumprimento dun mínimo de compromisos que garantan a presenza da lingua galega nas súas actividades, manifestando así clara sintonía co Plan Xeral de Normalización Lingüística, aprobado por unanimidade dos grupos parlamentarios.

Para incentivar o discurso galeguizador, o Foro E. Peinador, Irmandade de Agroalimentarios e Adegueiros e Deputación de Pontevedra, convocan na sede da institución provincial un encontro aberto de pedagogía galeguizadora para o próximo día 24 ás 12:30 horas. Nel participara, como vén sendo costume nestas convocatorias a Secretaría Xeral de Política Lingüística.

O texto da “Declaración de Pontevedra” será un alegato de galeguismo empresarial. Transcribo un parágrafo: “O papel das institucións públicas, asociacións profesionais, consumidores e empresas é clave para garantir o respecto e promoción dos dereitos lingüísticos no ámbito laboral e comercial. Os avances realizados en Galicia contribúen a crear espazos de cohesión social e igualdade para todos os galegos e galegas”.



Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

O Consello da Cultura informa desfavorábelmente o proxecto Altri

Foi nova moi salientábel nestes últimos días o informe desfavorábel do Consello da Cultura Galega (CCG) a respecto do proxecto de fabricación de fibras téxtiles a base de celulosa promovido por Greenfiber, S.L. (pertencente maioritariamente á multinacional portuguesa Altri-proxecto Altri-) e que tenta instalarse en Palas de Rei, na Ulloa. Dez expertos economistas, arqueólogos, biólogos, ambientalistas, expertos en saúde... analizaron moi polo miúdo as eventuais resultas do proxecto a respecto do noso patrimonio ambiental e cultural e, a medio desta análise, a respecto da saúde pública, territorio e economía da contorna e de Galicia.

Nestes días publicáronse novas e análises que xustificaban a competencia xurídica do Consello da Cultura para a emisión dun tal informe. Xa que logo, cumprirá neste espazo debullar os argumentos do CCG contra o proxecto Altri.

O informe do CCG critica a metodoloxía procesual, pois que a decisión non resposta a un plan territorial ou industrial avaliado ambientalmente, senón a unha decisión



singular do Consello da Xunta ao declarar proxecto industrial estratéxico ao proxecto Altri. Critica que é extensíbel a todos os parques eólicos de nova instalación, que non contan cunha avaliación ambiental estratéxica vencellada ao territorio.

Xa que logo, a decisión semella non analizar as capacidades do territorio para aturar esa instalación industrial "...nin os impactos que produciría sobre o ambiente e as comunidades que o habitan e que non

tiveron a oportunidade de participar nesa decisión inicial." (enténdase a declaración do proxecto Altri como estratéxico no 2022 polo Consello da Xunta de Galicia).

O devandito informe rexeita que o proxecto poida engadir "...unha nova liña a cadea forestal-madeira... coa elaboración de fibras téxtiles a partir da madeira do eucalipto..." e considera que vai reforzar a especialización na produción de madeira do eucalipto e celulosa solúbel, sen impacto na cadea téxtil-confección. Para máis, o informe coída precisas no medio prazo entre 80.000 e 190.000 ha. adicionais ás actuais 409.000 ha. dedicadas á planta do eucalipto, contradicindo os criterios de limitación da superficie do eucalipto do vixente Plan Forestal de Galicia.

O proxecto, ademais, considera que existe risco para a calidade hidrolóxica das augas do encoro de Portodemouros (de onde a hipotética planta tiraría os 46 millóns de litros de auga diarios que precisa). E advirte que a concesión do encoro remata no remate de 2060, o que condicionaría a subministración de auga posterior nas condicións esixidas no proxecto. Tamén

advirte das limitacións das propostas ambientais do proxecto canto ás emisións: non se cuantifican as de CO₂, CO e partículas finas (PM_{2,5}), nin as emisións difusas, choiva ácida, metais pesados, compostos orgánicos volátiles, vapor de auga ou metano.

Alén disto, o informe advirte do grave impacto sobre o patrimonio cultural, nomeadamente o camiño francés de Santiago e, xa que logo, sobre os valores e recursos turísticos do territorio, con grave incidencia sobre o turismo rural. Tamén sobre a dispoñibilidade de terras para uso agrogandeiro e sobre a previsíbel desvalorización dos produtos alimentarios da rica agrogandeiría das bisbarras ao seu carón por mor da desvalorización da súa imaxe que xeraría inapelábelmente a implantación do proxecto.

Este informe multidisciplinar, que xurde dunha institución pública, asesora da Xunta de Galicia, independente e neutral, como o CCG, reflicte moitas realidades e xera moitas preguntas, que van determinar un substancial incremento da sensibilización preventiva a respecto do proxecto Altri tanto pola veciñanza das bisbarras afectadas como pola cidadanía da Galicia toda.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.

T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 658 58 50 49

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Roberto Mansilla Blanco - Montserrat Rodríguez - Porto Ucha - Raquel Vázquez - C. Méixome - M. Xiraldez - Pérez Lema - X. Glez. Mtnez. - B. Iglesias (Mero) - Nemesio Barxa - Andrea Goro - Anxo Mena - I. Otero Varela - Susi Rodríguez - Isidoro Gracia - Laura de Cáceres - Kiko Neves - Ramón Mariño - Francisco Puñal.

PAIS BASCO: Nicolás Xamardo.

Humor: Tokio, Martirena - Pepe Carreiro - Francisco Puñal - Felix Ronda - Fuco Prado - Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

ViaGalicia consolídase como unha das principais aceleradoras de España

Aceleradora ViaGalicia, espazo de referencia do emprendemento promovido polo Consorcio da Zona Franca de Vigo e a Xunta de Galicia, abriu a súa oitava edición para a recepción de 15 novos proxectos innovadores aos que durante 9 meses acompañarase na súa validación, posta en marcha, financiamento e maduración, seguindo a dinámica das últimas 7 edicións. O prazo de inscrición para as iniciativas estará aberto ata o 8 de novembro de 2024.

ViaGalicia ten avanzando en sectores como a alimentación, téxtil, TIC, aeroespacial e industria 4.0. Segundo informou o delegado da Zona Franca, David Regades, "o resultado destas sete edicións son 92 novas empresas que superaron no último ano a cifra de 45 millóns de euros de facturación e



pechado roldas de financiamento por valor de 70 millóns de euros, creando máis de 500 empregos de alta cualificación".

Destacan entre estes proxectos ODS Protein, Vanetta Food, Alén Space, startup especializada no lanzamento de nanosatélites; Alice Biometrics, unha solución innovadora de identificación biomé-

trica, Beta Implants, que lidera o mercado ibérico de implantes animais; Opositatest, líder en España na preparación en liña de oposicións; Councilbox, un referente para a celebración de reunións remotas con validez xurídica; e Help Flash, que comercializa a innovadora luz V16, que substitúe aos triángulos de emerxencia.

Ruta da Camelia de Galicia

O Comité da Camelia de Galicia informou que os pazos de Lourizán (Pontevedra), de Oca (A Estrada), da Saleta (Meis), de Quinteiro da Cruz (Ribadumia), de Pegullal (Salceda de Caselas), de Quiñones

de León (Vigo) e de Rubianes (Vilagarcía de Arousa), o Parque do Castro (Vigo) e os xardíns da Estación Fitopatolóxica Areeiro no Castelo de Soutomaior (Arcade) serán os puntos incluídos na Ruta dos Xardíns da Camelia de Galicia.

Esta é a única ruta turística existente en Europa que permite percorrer unha serie de xardíns públicos e privados cuxa característica principal é a de posuír a meirande colección e variedades de camelias no conti-

Vigo humanizará a rúa de San Roque

No marco do convenio de colaboración suscrito co Concello de Vigo, a Deputación de Pontevedra aprobou o financiamento da obra de humanización na rúa San Roque cun coste estimado da obra de 2.271.099 euros. A intervención, que se desenvolverá nun tramo de 247 metros, contempla a creación dunha

praza entre San Roque e Couto de San Honorato, ademais de renovar a pavimentación do viario, as beirarrúas e alumeadado público e instalar rego automático nas novas zonas axardinadas. Tamén preservará o sentido único de circulación actual e reservará prazas de estacionamento nas rúas Talude e Avenida Alcalde Gregorio Espino.

"Outono Lírico" en Vigo

O "Outono Lírico" organizado pola Asociación Amigos da Ópera de Vigo, que comezou o 14 de setembro no Teatro Afundación co recital "Viva Verdi", estenderase ata finais de outubro e encherá a cidade de óperas como un dos grandes xéneros da lírica, mais tamén de conferencias, presentacións e debates nos que a música e as grandes figuras e xoves promesas serán os protagonistas.

A programación contempla un total de once actividades ao longo deste mes e medio. O calendario conta, ademais de coa representación de "Viva Verdi",

coas de "Terra e Mare" e "Madama Butterfly", tamén no Teatro Afundación. Ademais, diferentes espazos da cidade acollerán o programa Ópera no cine, con "Ariadne auf naxos", "Werther", "Diere Zwerg" e "Memorias dunha Geisha". En canto ás conferencias, estas celebraranse baixo os nomes de conferencias tenderán lugar "Terra e Mar. As cancións de Puccini", "Madama Butterfly. Pasaporte ao sono americano?" e "Alfredo Kraus. O arte do canto". Ademais, o Auditorio Martín Códax acollerá a gala de Novas Voces da Lírica Galega, dedicado á xove soprano galega Iria Goti.

Servizos técnicos forestais e obra do rural



Xirela

Azorín, 9 Estudo - 36860 PONTEAREAS
Tlef. 986 078 071



INMOBILIARIA
MERCA VENDA

Casas
Locales
Fincas
Pisos

Ventas
Alquileres
Tasaciones
Presupuestos



Telfs: 986 642 510 - 645 882 020
Avenida Rosalía de Castro n°4, bajo, 36860 Ponteareas
mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com



TEMPOS
CENTRO DE ESTUDOS

- Refuerzo escolar
- Todas as materias
- Técnicas de estudo
- Preparación de exames
- Orientación educativa



Avda. de Galicia, 4 -1º. PONTEAREAS
Telf: 675 088 316 - info@academiatempos.es